


SCREENING DO USO PROBLEMÁTICO DE INTERNET ENTRE OS ADOLESCENTES DA COMUNIDADE GALEGA



RESULTADOS GLOBAIS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



OBXECTIVOS

Coñecer os hábitos de uso de Internet e as Novas Tecnoloxías dos/as estudantes de ESO en Galicia.

Dispor de datos estimativos do volume de adolescentes que poderían estar realizando un uso problemático ou pouco saudable da Rede.

MOSTRA

255 centros participantes (183 públicos e 72 concertados)


44.051 adolescentes (22.405 homes e 21.646 mulleres).

Idades comprendidas entre os 12 e 17 anos (Media: 14,37; Desv. Típica: 1,36).


33.233 cursaban os seus estudos en centros públicos e 10.818 en centros concertados.

HÁBITOS E MOTIVACIÓNS DE USO DE INTERNET


¿Con que frecuencia utilizas Internet?




Os días que te conectas, acostumas facelo...




¿A que hora te conectas habitualmente?




Conéctaste a través de...



Polo xeral conéctaste cando estás...




Habitualmente conéctaste para...




REDES SOCIAIS, TELÉFONO MÓBIL E WHATSAPP


¿En cantas redes sociais estás rexistrado?




¿En cales estás rexistrado?




¿Con que frecuencia te conectas ás redes sociais?




¿Tes teléfono móbil?



¿A que anos tiveches o primeiro móbil?




¿Que aplicación de mensaxería instantánea utilizas?



Idade media de acceso ao primeiro móbil: 11,12 anos

PAPEL DOS PAIS



RISCO DE DEPENDENCIA

ESCALA DE SCREENING	RISCO	%
Ata 15 PUNTOS	Baixo/ Moderado	81,8%
16- 26 PUNTOS	Medio/Alto	14,1%
Máis de 26 PUNTOS	Uso Problemático	4%

USOS PERIGOSOS/PROBLEMÁTICOS (últimos 12 meses)

Sentícheste ameazado/acosado ou humillado a través de Internet?	8,9%
Ameazaches, acosaches ou humillaches a outros a través de Internet?	6,8%
Enviácheslle a outra persoa fotos ou vídeos de ti mesmo/a de contido erótico ou sexual a través de Internet?	4%
Chantaxeáronte con publicar e difundir fotos ou vídeos teus en Internet?	3,9%
Entraches en páxinas web de contido erótico?	17,3%
Apostaches cartos en xogos de azar <i>on line</i> ou nalgunha web de apostas?	4,2%
Contactaches con descoñecidos a través de Internet?	31,4%
Quedaches con persoas que coñeches exclusivamente a través de Internet?	10,7%

RESUMO

O 71,2% dos alumnos de ESO utiliza Internet a diario. O 13,5% conéctase máis de 5 horas ao día (22,9% na fin de semana).

O 90,7% dispón de teléfono móbil (1 de cada 3 antes dos 11 anos), o 93% está rexistrado nalgunha rede social (o 51% en máis de 3) e o 89,2% é usuario de Whatsapp.

O móbil é a principal vía de acceso a Internet (81,2%), seguido do ordenador portátil (41,5%). Só a metade (51,1%) dos pais controla o uso de Internet que fai o seu fillo/a (o 48,1% no caso do móbil).

O 17,3% ten discusións frecuentes na casa por mor de Internet e o 24,2% por mor do móbil.

O 8,9% sentiuse ameazado ou acosado a través de Internet no último ano e o 6,8% ameazou ou acosou a alguén.

Detectouse un 4% de *sexting* e o 31,4% reconece ter contactado con descoñecidos a través da Rede, chegando en 1 de cada 3 casos a quedar fisicamente con eles.

O nivel de risco de adicción a Internet é moderado (o 81,8% dos mozos/as están a facer un uso axeitado da Rede), aínda que un 4% presentan signos manifestos de Uso Problemático.

